

Clube de DESCONTOS

Federación Galega de Caza
www.federaciongalegacaza.com

EXCLUSIVO FEDERADOS

Clinicas veterinarias, Armerías, Psicotécnicos, Hoteles Restaurantes, Marcas comerciais, Grandes almacenes, Alimentación Cans

INFÓRMATE

FGC A CORUÑA 981 70 29 57 coruna@federaciongalegacaza.com	FGC LUGO 982 25 49 96 lugo@federaciongalegacaza.com	FGC OURENSE 988 22 16 20 ourense@federaciongalegacaza.com	FGC PONTEVEDRA 986 85 23 00 pontev@federaciongalegacaza.com	FGC SANTIAGO 981 56 27 77 santiago@federaciongalegacaza.com
--	--	--	--	--




"A Caza, unha actividade física saudable en plena natureza"

XXV CAMPIONATO GALEGO CANS DE RASTRO ATRELADOS SOBRE XABARIL

12 Xuño 2021

Santa Comba (A Coruña)



Federación Galega de Caza



SOCIEDADE DE CAZADORES XALLAS



COMITÉ ORGANIZADOR

D. JAVIER NOGUEIRA DÍZ

Presidente da Federación Galega Caza.

D. JOSÉ MARÍA ÁLVAREZ VILLAR

Presidente Provincial da Federación Galega de Caza na Coruña

D. DAVID TUÑAS GERPE

Presidente da Sociedade de Cazadores Xallas de Santa Comba.

D. RAMÓN RODRÍGUEZ COBAS

Vicepresidente Área Deportiva e Administrativa

D. JOSÉ MOURE CANEDA

Secretario Xeral da Federación Galega de Caza.

DIRECTOR DA PROBA

D. JAIME GONZÁLEZ PENELAS

D. ÓSCAR MEIJIDE VARELA

COMITÉ DE COMPETICIÓN

Formaranos os Presidentes das Federacións Provinciais de Caza, ou os representantes dos Equipos Provinciais, mailo Director de Competición.

SORTEO DE QUENDAS E DORSAIS

O sorteo de dorsais realizarase o 9 de xuño na sede da Federación Galega de Caza en Santiago de Compostela. **Cada deportista deberá levar a súa propia tralla, esta deberá ser como mínimo de 5 metros de lonxitude.**

A competición axustarase ó Protocolo Fisicovid da FGC, aprobado por Resolución da Secretaría Xeral para o Deporte con data 17/02/2021. A proba farase ao aire libre, sendo obrigatorio o uso da mascarilla.

DATAS E HORARIOS

12 de xuño de 2021

8:00 h: Concentración na zona do mercado de Santa Comba.

8:30 h: Entrega de Dorsais.

9:15 h: Comezo da Competición.

15:00 h: Clausura e entrega de premios

PARTICIPACIÓN E INSCRICIÓN

Para poder inscribirse e participar en calquera proba é obrigatorio tela documentación en vigor para a competición na que se participa, sendo responsable o participante das consecuencias derivadas do incumprimento desta condición ante calquera eventualidade.

Participarán 36 Participantes das seleccións provinciais (10 de Coruña, 10 de Lugo, 7 de Ourense e 9 de Pontevedra), o campión de edición anterior mais os 3 clasificados pola Copa Galicia. As inscricións das seleccións provinciais realizarase mediante acta do Campionato Provincial. Aplicarase o vixente Regulamento da Federación Galega de Caza de cans de rastro atrelados (modalidade xabaril) e Normativa de Competicións da Federación Galega de Caza.

Os participantes deben estar en posesión da tarxeta federativa da Federación Galega de Caza en vigor. Conforme a normativa de competicións da FGC, os deportistas que participen en competicións nas que non se usen armas deberán dispor de un seguro de responsabilidade civil cunhas coberturas mínimas equiparable ao Documento Único R.

ADVERTENCIA: A lei 3/12, do Deporte de Galicia prohibe a introdución e venda de bebidas alcohólicas nos lugares onde se estean a celebrar probas deportivas. Polo tanto, queda prohibido tanto o consumo como a venda de bebidas alcohólicas dentro do recinto deportivo durante a celebración da proba.